

A/A DA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA.
A/A DA DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA.

Dna. M^a Elena López López, Dna. Lucía Campelo Cabeceiro, D. Enrique Segade López e D. Martín Concha Vázquez (delegadas/os de persoal do centro de Menores Concepción Arenal e do CIEMA da Coruña) e en nome de todos os delegados/as de persoal dos sindicatos CIG, CCOO e UGT deste sector, **EXPOÑEN:**

1º - Que a Xunta de Galicia estableceu un plan Galego de Vacinación ditado ao amparo da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; da Lei 33/2011, do 4 de Outubro, Xeral de Saúde Pública e da orde da Consellería de Sanidade de 11 de maio de 2018 pola que se regula a realización das vacinacións no sistema sanitario público de Galicia; co obxectivo principal de reducir a morbilidade e mortalidade causada por esta enfermidade, protexendo especialmente a aqueles grupos de poboación con maior vulnerabilidade.

2º - Que nese Plan de Vacinación fronte ao SARS-COV-2 da Xunta de Galicia establécense 6 grupos de priorización e vulnerabilidade para recibiren as vacinas, perfectamente definidos.

3º - Que os Centros de Menores figuran dentro desta estratexia de vacinación no grupo 3 – Outro persoal de ámbito sanitario - e concretamente no apartado 3B, sendo esquecidos e saltados na orde de prioridade ao termos coñecemento de que se está a vacinar a outros grupos posteriores dentro da súa estratexia, sen obter ningún tipo de explicación ou xustificación ao respecto.


4º - Que dende os Centros de Menores entenden que as doses da vacina dispoñibles son limitadas mais non conciben que dentro das etapas de vacinación, non se respecten as prioridades dos grupos de poboación de vulnerabilidade, risco de padecer unha enfermidade pola COVID 19 ou do risco de transmisión, que a propia Administración recolle no seu plan de vacinación.


5º - Que polas delicadas características intrínsecas deste tipo de centros e debido ao alto nivel de convivencia na súa labor profesional (mesmo nos períodos de cuarentena máis estricta), pola protección e estabilidade dos menores ao seu cargo, non se atopa explicación á lixeireza e abandono co que a administración pública está a xestionar o acontecido neste sector, tanto público coma privado.


Polo tanto, **SOLICITAN:**


Que se dea o cumprimento da normativa publicada e que rexe as prioridades dos grupos de vacinación, dando comezo de forma urxente as citacións de vacinación de todo o persoal deste tipo de centros de atención a menores.

Asinado en A Coruña a 26 de febreiro de 2021:


841.022-N


32 823430-S


32816110 D


32.822.616-Y